

calendario de aplicación da Lei orgánica 2/2006, de educación, mentres que non se produza a implantación dos novos títulos de formación profesional seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición derogatoria

Única.-*Derrogación de normas.*

Queda derogado o Decreto 239/1995, do 28 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral dos estudos de formación profesional específica en Galicia e as directrices sobre os seus títulos, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Modificación do Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Engádeselle un punto 3 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, para o caso dos centros integrados de formación profesional, das escolas oficiais de idiomas, dos conservatorios superiores e profesionais de música e danza, das escolas de arte e superiores de deseño, e daqueles outros centros docentes que, polas súas características singulares o requiran, a Administración educativa poderá organizar a inspección mediante subsectores específicos, que poderán exceder do ámbito do sector ou da provincia. Dadas as peculiaridades destes subsectores, a consellería con competencias en materia de educación poderá ditar normativa específica para a adscrición a eles».

Segunda.-*Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Terceira.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de xullo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 28 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboacións con maior demanda desatendida de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010-2012.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 104, do 3 de xuño de 2010, procede efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 10.009, na disposición derradeira segunda, debe engadirse un novo parágrafo: «Para estes efectos, cumpriuse co trámite de notificación previa do réxime de axudas á Comisión Europea, e atópase pendente de autorización polo órgano competente da dita comisión».

Na páxina 10.015, no artigo 15.f) 3. onde di: «Operar a rede durante un período mínimo de 10 anos, contado desde a data en que as obras fosen integramente aprobadas pola Xunta de Galicia...» debe dicir: «Operar a rede durante un período mínimo de 10 anos, contado desde a data en que as obras fosen integramente aprobadas conformes pola Xunta de Galicia...».

Na páxina 10.015, no artigo 15.g), debe engadirse: «Así mesmo, o beneficiario deberá conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, tal como se define no artigo 89, número 3, do Regulamento 1083/2006, do Consello».

Na páxina 10.017, no artigo 21.e), onde di: «A UTE deberá constituírse nun prazo máximo de 10 días contados desde a notificación da resolución de concesión da subvención e non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.», debe dicir: «A UTE deberase constituír nun prazo máximo de 10 días contados desde a notificación da resolución de concesión da subvención e non poderá disolverse durante o período ao que se estendan as obrigas derivadas da subvención».

Nas páxinas 10.021 e 10.022 os artigos 31 e 33 quedarán redactados como segue:

«Artigo 31.-*Xustificación da realización do proxecto.*

1. O cumprimento da obriga de xustificación da subvención efectuarase ante o órgano concedente

mediante a achega da documentación e información xustificativa detallada nestas bases.

Os investimentos e gastos ou compromisos de gasto previstos deberán realizarse dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución dos investimentos previsto nas presentes bases, atendendo ao disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Porén, os documentos de pagamento emitidos polo beneficiario poden ter data de vencemento posterior, sempre que fosen materializados dentro do prazo concedido para presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención.

2. A comprobación documental do actuado adecuarase ao sistema de xustificación establecido no parágrafo seguinte.

As empresas beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención mediante a presentación dunha conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto (facturas) e pagamento (transferencia bancaria ou documento contable de valor equivalente acreditativo da materialización do pagamento), que conterá unha memoria de actuación e unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, co contido previsto para ambos os documentos no artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. Á vista da conta xustificativa presentada para acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, o órgano instrutor poderá requirir ao beneficiario a presentación dun informe técnico ou económico adicional sobre a execución dos proxectos e accións financiados que foron obxecto das axudas.

4. Coa finalidade de facilitar a comprobación da correcta realización das actividades obxecto de subvención, as facturas e xustificantes de pagamento achegaranse agrupadas segundo o núcleo ao que fosen destinadas.

5. No caso de beneficiarios que opten por presentar a conta xustificativa con entrega de informe de auditor, a achega dos xustificantes de gasto e pagamento será substituída por un informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, de acordo co establecido no artigo 50 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os informes dos auditores incluírán no seu dictame os requisitos básicos relativos á elixibilidade do gasto financiado co Programa Operativo Feder de Galicia 2007-2013, en concreto, a confirmación de que o gasto se aboou dentro do período subvencionable incluído.

O dictame non poderá consistir simplemente nunha frase sobre a regularidade da solicitude do beneficiario, senón que deberá pormenorizar o traballo levado a cabo e os resultados.

A conta xustificativa deberá incorporar, ademais do referido informe, a documentación relacionada no artigo 50 do referido regulamento.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica realizará unha mostraxe dos xustificantes que considere oportunos coa finalidade de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.

O beneficiario poñerá á disposición da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou dos órganos de control, cando llo requiran, os documentos xustificativos do gasto e do pagamento da subvención concedida».

«Artigo 33.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención na secretaría xeral, antes de proceder ao seu pagamento, os órganos competentes da dita secretaría xeral poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

3. O pagamento da subvención farase efectivo, mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario, cando a empresa beneficiaria acredite o cumprimento da finalidade para a que foi concedida e logo da xustificación da execución das actuacións correspondentes á anualidade vencida pendente de xustificar.

4. Poderán realizarse pagamentos parciais, de conformidade co establecido no artigo 31.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

Os ditos pagamentos parciais suporán a realización de pagamentos fraccionados que responderán ás actuacións executadas dentro da anualidade de que se trate, logo de xustificación do investimento realizado de conformidade co plan de despregamento presentado polo beneficiario.

5. De conformidade co establecido no artigo 67.4º do mencionado regulamento, o beneficiario queda exonerado da constitución de garantía, por autorización o Consello da Xunta».

Na páxina 10.024, no artigo 37, onde di: «... con outras axudas concedidas por entidades públicas ou

privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do gasto subvencionable...», debe dicir: «... con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo elixible...».

Corrección de erros.-Resolución do 28 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a extensión de redes de acceso de nova xeración nas poboacións con maior demanda de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010-2013.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 104, do 3 de xuño de 2010, procede efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 9.981, na disposición derradeira segunda, debe engadirse un novo parágrafo: «Para estes efectos, cumpriuse co trámite de notificación previa do réxime de axudas á Comisión Europea, que se atopa pendente de autorización polo órgano competente da dita Comisión».

Na páxina 9.987, no artigo 15 e) 4, debe engadirse «e o Feder».

Na páxina 9.987, no artigo 15 g), debe engadirse: «Así mesmo, o beneficiario deberá conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, tal como se define no artigo 89, número 3, do Regulamento 1083/2006, do Consello».

Na páxina 9.989, no artigo 21 e), onde di: «A UTE deberase constituír nun prazo máximo de 10 días contados desde a notificación da resolución de concesión da subvención e non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.», debe dicir: «A UTE deberase constituír nun prazo máximo de 10 días contados desde a notificación da resolución de concesión da subvención e non poderá disolverse ata que transcorra o prazo a que se estendan as obrigas derivadas da subvención».

Nas páxinas 9.993 e 9.994, os artigos 31 e 33 quedarán redactados como segue:

«Artigo 31.-Xustificación da realización do proxecto.

1. O cumprimento da obriga de xustificación da subvención efectuarase ante o órgano concedente

mediante a achega da documentación e información xustificativa detallada nestas bases.

Os investimentos e gastos ou compromisos de gasto previstos deberán realizarse dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución dos investimentos previsto nestas bases, atendendo ao disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No entanto, os documentos de pagamento emitidos polo beneficiario poden ter data de vencemento posterior, sempre que fosen materializados dentro do prazo concedido para presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención.

2. A comprobación documental do actuado adecuarase ao sistema de xustificación establecido no parágrafo seguinte.

As empresas beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención mediante a presentación dunha conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto (facturas) e pagamento (transferencia bancaria ou documento contable de valor equivalente acreditativo da materialización do pagamento), que conterá unha memoria de actuación e unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, co contido previsto para ambos os documentos no artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. Á vista da conta xustificativa presentada para acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, o órgano instrutor poderá requirir do beneficiario a presentación dun informe técnico ou económico adicionais sobre a execución dos proxectos e accións financiados que foron obxecto das axudas.

4. Coa finalidade de facilitar a comprobación da correcta realización das actividades obxecto de subvención, as facturas e os xustificantes de pagamento achegaranse agrupados segundo o núcleo a que fosen destinados.

5. No caso de beneficiarios que opten por presentar a conta xustificativa con entrega de informe de auditor, a achega dos xustificantes de gasto e pagamento será substituída por un informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, de acordo co establecido no artigo 50 do regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os informes dos auditores incluírán no seu ditame os requisitos básicos relativos á elixibilidade do gasto financiado co Programa operativo Feder de Galicia 2007-2013, en concreto, a confirmación de que o gasto se aboou dentro do período subvencionable incluído.